



RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN DE URXENCIA PARA REXEITAR A ALDRAXE DA XUNTA A OURENSE E PARA DEFENDER Á CIDADE COMO A MELLOR CANDIDATA PARA ACOLLER A SEDE DA AXENCIA ESTATAL DE SUPERVISIÓN DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL**

A Xunta de Galicia vén de acometer unha das maiores aldraxes que se recordan contra Ourense e a súa provincia. O goberno autonómico propuxo á cidade da Coruña como súa candidata para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), un organismo clave para o noso presente e o noso futuro polas súas funcións estratéxicas que, ademais, debe ser creado á maior brevidade posible seguindo as instrucións e recomendacións da Unión Europea.

O Goberno central iniciou hai uns meses nunha estratexia de desconcentración e descentralización de órganos do sector público institucional estatal. Un dos entes a situar fóra da capital de España será a AESIA. Este órgano encargarase de supervisar todos os procesos de intelixencia artificial e os algoritmos que actúan en España e que afectan, especialmente, ao funcionamento dos servizos fundamentais do sector público e tamén á vida diaria de todos os cidadáns e cidadás e do sector empresarial.

A ubicación destes órganos será acordada a comezos do mes de novembro por unha comisión consultiva creada *ex profeso* para determinar estas sedes físicas, mediante criterios técnicos recollidos en reais decretos. Estes criterios inclúen a cohesión social e territorial; a loita contra o despoboamento; a mellora no funcionamento dos servizos públicos; o ecosistema empresarial relacionado coa intelixencia artificial e a informática; a presenza de estudos universitarios relacionados con este sector ou os niveis de desemprego, entre outros.

Concretamente o Real Decreto 209/2022, que establece o procedemento para a determinación destas sedes, explica, entre outras cuestións, que este proceso busca descentralizar a administración estatal para, principalmente, servir como revulsivo de territorios con problemas demográficos, sociais ou económicos.

A cidade de Ourense e a súa provincia cumpren todos requisitos para acoller esta axencia. De feito, é a única cidade de Galicia que realmente cumpre con absolutamente todos os requisitos, entre os máis importantes: impulsar a cohesión territorial, xa que o proceso de desconcentración busca priorizar a territorios que teñen menos organismos (Ourense ten bastantes menos órganos que A Coruña); loita contra o despoboamento (perda constante de poboación); ecosistema empresarial e investigador relacionado coa IA (máis de 1.000 empresas utilizan esta tecnoloxía en Ourense) ou contar cunha oferta formativa relacionada co sector (Ourense ten facultade de Informática desde hai tres décadas e titulación universitaria específica sobre Intelixencia Artificial).



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

No lugar de apostar por Ourense, que si cumpre todos os requisitos, a Xunta de Galicia escolleu á cidade da Coruña como candidata. Resulta vergoñento e incongruente que a proposta do goberno galego para acoller un dos órganos que o Estado quere desconcentrar para, principalmente, loitar contra o despoboamento, sexa o segundo municipio máis poboado de Galicia e un dos máis poboados de toda España que, ademais, conta coa área metropolitana que máis medrou de toda Galicia e que se atopa nunha das poucas provincias de máis de 1 millón de habitantes.

Ademais, tamén resulta incongruente e inconsistente que a Xunta escollera á cidade e á provincia de Galicia que acumula maior concentración de órganos administrativos do Estado e da comunidade autónoma como a súa proposta para acoller un dos órganos que o Goberno central quere repartir por España, co fin primordial de descentralizar e desconcentrar a administración estatal, xa que adoce dun importante problema de concentración administrativa que se quere solucionar.

A prexudicial decisión adoptada pola Xunta evidencia que realmente estamos ante unha decisión que ten que moito que ver co centralismo económico e co centralismo de poder, e non ante unha decisión realmente democrática e xusta que é fundamental para o futuro dos territorios con problemas como é a nosa provincia. Segundo explicou no xornal ‘La Región’ o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, a Xunta, a través dunha decisión que os e as socialistas de Ourense cualificamos de “absolutamente unilateral” xa que non figura en ningunha normativa, primou a dedo o tecido empresarial fronte ao resto de criterios, o que “elevou” á Coruña, xa que o Goberno central detallou criterios “xenéricos” sen “ponderación”.

A decisión adoptada polo goberno de Galicia tamén evidencia o pouco ou nulo peso que teñen a Deputación Provincial e o Concello de Ourense no ecosistema político de Galicia, xa que nesta evidente loita de poder e intereses políticos internos da comunidade galega, non son quen de facer valer a Ourense como merece e como necesita.

Os e as ourensáns non podemos quedar á forza á marxe deste proceso e desta oportunidade única. Estamos nunha provincia e nunha cidade historicamente maltratadas, cunha importante carencia de investimentos e cunha ausencia inaudita de órganos, institucións ou industrias froito de descentralización e de decisións políticas. Esta decisión arbitraria provocada pola ponderación a dedo duns criterios fronte a outros é unha evidente aldraxe contra Ourense e contra toda a súa veciñanza.

Fóra de Galicia hai outras cidades que tamén cumpren coa meirande parte dos requisitos e que xa anunciaron a súa intención de acoller este sede da AESIA: Alcoy, Zaragoza, Ávila, Alicante, Burgos, Granada, Salamanca, Gijón, Segovia, Palma ou Logroño.

Ante esta situación, desde o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos urxente adoptar decisións unánimes e contundentes. Estamos ante un problema nuclear para o futuro da nosa cidade e da nosa provincia. E por iso propoñemos rexeitar a decisión adoptada pola



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

Xunta de Galicia e demandar que a candidatura para a ubicación na nosa cidade da sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial continúe o seu camiño en solitario, xa que é a única opción en Galicia que cumpre con todos e cada un dos requisitos e que ten opcións reais fronte ao resto de propostas do resto do Estado.

Precisamos accións baseadas nunha discriminación positiva real e no reequilibrio territorial e non no desequilibrio territorial que parece querer fomentar a Xunta.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que rectifique con urxencia a decisión de escoller á cidade da Coruña como a súa candidata para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA) e propoña a Ourense para este fin, xa que é a única candidata que cumpre todos os requisitos estipulados nos reais decretos que establecen o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público e na restante normativa que regula a desconcentración da administración estatal.
2. Rexeitar a aldraxe acometida pola Xunta de Galicia contra a cidade de Ourense e a súa provincia, ao non elixir a proposta ourensá para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), ao executar un proceder unilateral que non figura en ningunha das normas que regula este proceso, xa que decidiu ponderar máis uns criterios fronte a outros, primando o tecido empresarial fronte ao resto, o que elevou a candidatura da Coruña.
3. Instar á comisión consultiva estatal creada para este procedemento e ao Goberno de España a afondar nas políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía e, nomeadamente, que unha desas sedes sexa a da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial.

En Ourense, 25 de outubro de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE